

## PROGRAMACIÓN CULTURAL MAIO, MES DAS LETRAS

### VIII Concurso de Marcapáxinas

Concurso destinado ao alumnado dos centros de ensino do Concello. Podes consultar as bases en [www.concellodezas.org](http://www.concellodezas.org)

### I Mostra de Teatro Afeccionado

**23 Abril:** Auditorio de Zas. *“César a gusto”* (t.p.). Teatro do C. C. San Fins de Rebordáns-Tui.

**30 Abril:** Auditorio de Baio. *“Que Deus nos colla confesados. Cabaré Bíblico”* (+12). Tangatutanga Teatro de Santiago de Compostela.

**7 Maio:** Auditorio de Zas. *“Falando de cartos”* (t.p.). Teatro Atlántida de Matamá de Vigo.

**14 Maio:** Auditorio de Baio. *“Fuga”* (+12). Gargallada Teatro de O Barco de Valdeorras.

**21 Maio:** Auditorio de Baio. *“Pánico”* (+14). Farandoleiras Cabaré de Oleiros.

Todas as funcións ás 21h.

### Contacontos

**Martes, 10 de maio**

Larraitz Urruzola, *“Babacontos con Manuel María”*

CEIP Labarta Pose de Baio. (13.00h)

### Animación á lectura

**Martes, 10 de maio**

Compañía do Trinke Trinke. *“Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela”*, de Manuel María

Biblioteca Municipal de Zas. (12.00h)

### Música

**Xoves, 12 de maio**

Paco Nogueiras, *“Brinca Vai, de aquí a acolá”*  
CPI de Zas. (10.00h)

CEIP Labarta Pose de Baio. (13.00h)

### Narración oral

**Venres, 13 de maio**

Avelino González, *“Contos Literarios”*  
CPI de Zas. (12.00h)

### Teatro

**Xoves, 19 de maio**

Malasombra Teatro *“Go On”*

Alumnado do IES Maximino Romero de Baio.  
(12.45h)

### Animación á Lectura

**Martes, 24 de maio**

Compañía do Trinke Trinke. *“Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela”*, de Manuel María  
Axencia de Lectura de Baio. (18.00h)

**+info**

[www.concellodezas.org](http://www.concellodezas.org)

**Facebook:** Concello De Zas Actualidade Municipal

**981 751 398 - 981 718 056**

**Letras  
2016**

**ler  
conta moito**

Rede de  
Bibliotecas de Galicia

XUNTA  
DE GALICIA




Deputación  
DA CORUÑA



CONCELLO DE ZAS

M  
a  
i  
o  
  
m  
e  
s  
  
d  
a  
s  
  
l  
e  
t  
r  
a  
s



Manuel

María

LETRAS

GALEGAS 2016

# Vida e obra

Manuel María Fernández Teixeira naceu en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929. En 1942 trasladouse a Lugo para estudar o bacharelato e aquí comezou a súa precoz carreira literaria participando, á idade de 20 anos, no ciclo de conferencias "Jóvenes valores lucenses". Esta primeira conferencia serviulle para entrar en contacto cos integrantes da tertulia do café Méndez Núñez (Pimentel, Fole, Rof Codina...) que o poñerán en contacto coa realidade galega, tanto interior como do exilio. Nesta primeira etapa da súa vida, publica o primeiro poemario dun poeta da nova xeración, *Muiñeiro de brétemas* (1950), co que se inaugura a denominada "Escola da Tebra".

En 1958 instálase en Monforte como Procurador dos Tribunais e ao ano seguinte casa con Saleta Goi. Nos axitados anos sesenta e setenta, Manuel María participa na reorganización política, na clandestinidade, dos partidos nacionalistas, e atende os chamamentos e peticións que lle chegan de todas as organizacións que, ao longo e ancho do país, andan a traballar pola recuperación cultural: desde impartir conferencias ou recitar poemas a presentar á Nova Canción Galega. A súa obra literaria diversifícase e multiplícase de acordo cos novos tempos: ensaio, narrativa, teatro... sen abandonar o cultivo da poesía. Do existencialismo e o seu pesimismo radical evolúe cara á unha poesía que rompe, tanto no formal como na temática, con esta liña subxectiva para se

comprometer co ser humano, coa súa xente, coa súa realidade social, en definitiva, co seu pobo.

A súas actividades políticas culminaron coa súa elección como concelleiro en 1979. Son anos duros, e a súa participación nas campañas en defensa da lingua foi moi activa. En 1985 abandonou a militancia política para se dedicar por completo á actividade literaria e cultural e, desde a súa xubilación, reside na cidade da Coruña. A súa xenerosa entrega foi recoñecida en 1995, na Homenaxe organizada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega na Coruña.

Non é doado resumir en poucas liñas a obra deste insigne poeta, referencia imprescindible no panorama literario da segunda metade do século XX, pola amplitude dos seus rexistros, das súas propostas e da súa temática: intimismo, paisaxismo, socialrealismo crítico ou satírico, preocupación relixiosa, reivindicación lingüística... e, como fío conductor de todo este mundo poético, a construción da patria.

Manuel María faleceu na Coruña o 8 de Setembro de 2004.

## Obras poéticas

Muiñeiro de brétemas (1950); Morrendo a cada intre (1952); Terra Cha (1954); Adventos (1954); Documentos personaes (1958); Sermón para decir en cualquier tiempo (1960); Pregos (1961); Contos en curtocrecente e outras prosas (1962); Mar Maior

(1963); "A poesía galega de Celso Emilio Ferreiro", Grial, 6 (1964); "As augas van caudales" Grial, 9 (1965); "Os alugados" Grial 14 (1966); "Raimon, poeta de noso tempo", Grial, 18 (1967); Proba documental (1968); Os soños na gaiola (1968); Barriga Verde (1968); Noticia da vida e da poesía de Xosé Crecente Vega (1968); Versos pra un país de minifundios (1969); Versos pra cantar en feiras e romaxes (1969); Remol (1970), Cancións do lusco ao fusco (1970); A Rosalía (1971); 99 poemas de Manuel María (1971); O Xornaleiro a sete testemuñas máis (1971); Odas nun tempo de paz e de ledicia (1972); Aldraxe contra a xistra (1973); Informe pra axudar a alcender unha cerilla (1973); Laio e clamor pola Bretaña' (1973); Cantos rodados para aliados e colonizados (1973); Poemas par construír unha patria (1976); O libro das badaladas (1977); Catavento de neutrós domesticados (1978); As rúas do vento ceibe (1979); Escolma de poetas de Outeiro de Rei (1982); Versos do lume e do vagalume (1982); Brétemas de muiñeiro (2000); Camiños de luz e sombra (2000)

## Obras dramáticas

Auto do taberneiro (1957); Auto do mariñeiro (1961); Barriga verde (1970); Unha vez foi o trebón (1976); Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela (1979); Auto trascendental do ensino tradicional (1979); Farsa de Bululú (1979).

*Manuel María*